

Resolución do 30 de xullo de 1991 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xullo de 1991 polo que se rectifica a relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 30 de xullo de 1991, aprobou o seguinte acordo:

Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se rectifica a relación de postos de traballo correspondentes á Consellería de Sanidade.

Co fin de favorecer-lo seu coñecemento e aplicación, publícase como anexo a esta resolución e entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 1991.

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se rectifica a relación de postos de traballo correspondentes á Consellería de Sanidade.

Téndose incluído indebidamente nas relacións de postos de traballo correspondentes á Consellería de Sanidade, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de maio de 1991, prazas reservadas para seren ocupadas por funcionarios pertencentes ás escalas sanitarias reguladas pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma, xa que o dito persoal está incluído do ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, para os efectos da selección e provisión dos seus postos de traballo; e unha vez oída a comisión de persoal,

ACÓRDASE:

Rectifica-la relación de postos de traballo correspondentes á Consellería de Sanidade, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de maio de 1991, excluindo do seu contido os postos reservados ó persoal das escalas sanitarias creadas pola Lei 17/1989, do 23 de outubro.

Consellería de Industria e Comercio

Resolución do 3 de xullo de 1991, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se citan (Expte. número 50.344)

Vistos os expedientes incoados pola empresa Unión Eléctrica - Fenosa S.A., co enderezo na r/ Severo Ochoa, 2, 15008 A Coruña, para a autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións que seguen:

Centro de transformación aéreo con pórtico de 250 kVA. a 15.000-20.000 \pm 5% / 398-230 V., concello de Monfero, en el lugar de Taboada - Granxa.

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III e IV do decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolveu:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

A Coruña, 3 de xullo de 1991.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado Provincial

Resolución do 1 do xullo de 1991, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se citan (Exp-tes. núms. 51.781, 51.782, 51.783, 51.784).

Vistos os expedientes incoados pola empresa Unión Eléctrica - Fenosa, S.A., co enderezo na r/ Severo Ochoa, núm. 2, 15008 A Coruña, para a autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións que seguen:

Expte. 51.781.— Legalización dun CT. aéreo de 15/20 kV. e de 50 kVA. a 15.000-20.000 \pm 2,5 - 5%/398-230 V. que está situado no apoio nº 13 da LMT. a CT. antigo de Orois, expte. 31.404, lugar de Orois de Abaixo, termo municipal de Melide.

Expte. 51.782.— LMT. aérea de 10/20 kV. que parte do apoio nº 18 da LMT. Casais - San Isidro, expte. 31.916 e final no CT. que se vai construír en Recosta e de 744 m de lonxitude, CT. aéreo de 51 kVA. a 15.000-20.000 \pm 2,5-5%/398-230 V., termo municipal de P. do Caramiñal.

Expte. 51.783.— LMT. de 20 kV. subterránea de 240 m de lonxitude en Al de 150/mm² que parte da LMT. Avda. da Coruña - Funcionarios, expte. 25.963 e final no CT. r/ Rosalía de Castro de 400 kVA. prefabricado a 20.000 \pm 5%/380-220 V. en Santiago de Compostela.

Expte. 51.784.— Legalización da LMT. subterránea de 15/20 kV. de 160 m. de lonxitude en Al de 150 que parte do CT. estrada de Santiso, expte. 51.208 e final no CT. r/ Cima do Lugar, de 250 kVA. tipo interior, termo municipal de Arzúa a 15.000-20.000 \pm 5%/398-230 V.